

## Achegándonos á última sentenza do Supremo sobre crianzas trans\*

Dende que se fixo pública a sentenza 685/2019, de 17 de decembro, da Sala do Civil do Tribunal Supremo son moitas as voces a opinaren sobre ela. Informacións confusas, con graos diferentes de argumentación como soporte e que semellan xerar un certo ambiente de balbordo e desorientación ao respecto do que esta importante resolución xudicial significa.

É por isto que, do mesmo xeito que coa sentenza do Tribunal Constitucional deste pasado mes de xullo, dende ARELAS queremos achegarvos un pequeno comentario sobre o documento do Supremo. Intentaremos presentar, dun xeito sinxelo, os elementos clave e os puntos máis relevantes de análise; coma sempre, dende unha perspectiva analítica, pero sobre todo crítica.

Comezamos...

### **1.- É un caso novo?**

Non o é.

Esta sentenza resolve o mesmo caso (a mesma familia, e o mesmo menor) sobre o que o Constitucional se pronunciaba o pasado 18 de xullo.

Cando o caso deste menor chegou ao Tribunal Supremo, despois de varios anos xa de periplo xudicial, cuestionouse a constitucionalidade dun dos artigos da norma clave para o fondo do caso: a Lei 3/2007, de 15 de marzo, reguladora da rectificación rexistral da mención relativa ao sexo das persoas. En concreto o seu artigo 1, que excluía ás persoas menores de idade da posibilidade de solicitar cambios de sexo rexistral (co consecuente cambio de nome).

Pois ben, esta cuestión de inconstitucionalidade dirixiuse ao Tribunal Constitucional nun Auto de 10 de marzo de 2016, e foi respondida este pasado 18 de xullo. Con isto, o que fai agora o Supremo é simplemente ditar sentenza: esperou tres anos a que o Constitucional respondese, e agora que ten a contestación, reinicia a súa actividade. Por tanto, non é senón só un paso máis na resolución dun caso que xa nos era coñecido.

Este acordo do Supremo nin sequera poñerá solución final ao asunto. Como podemos ver no “fallo”, o Tribunal anula a sentenza anterior (a da Audiencia Provincial de Huesca, de 13 de marzo de 2015) e ordénalle dúas cousas: primeiro realizar unha audiencia do menor e, tras isto, emitir unha nova sentenza. É dicir, só despois dunha nova sentenza, que será a quinta neste caso, o caso chegará ao seu fin.

## 2.- Esta sentenza supón unha innovación real?

Como moitas outras cousas que acontecen no mundo do Dereito, este é un punto opinábel e matizábel, pero no noso parecer esta sentenza non achega ningún argumento que non fose xa familiar e/ou que non estivese xa amplamente recollido na nosa normativa ou na nosa tradición xurisprudencial.

É certo que se conteñen oracións e proclamacións moi poderosas; e é certo que o feito de que o Supremo as inclúa na súa sentenza ten valor. Velaquí algunha delas:

- **“No recoñecemento da identidade de xénero ás persoas transexuais debe primar o aspecto psicolóxico e psicosocial sobre o puramente cromosomático, gonadal e incluso morfolóxico”<sup>1</sup>**
- **“Non pode condicionarse o recoñecemento da identidade de xénero da persoa transexual ao seu sometemento a unha operación cirúrxica de reasignación de sexo, esterilización ou terapia hormonal”**
- **“Debe abandonarse a consideración da transexualidade como unha patoloxía psiquiátrica necesitada de curación”**
- **“Ten que se facilitar ás persoas transexuais o cambio da mención do sexo e o nome na inscrición do nacemento e demais documentos de identidade mediante procedementos rápidos e eficaces”**

---

<sup>1</sup>Os entrecamiñados do texto corresponden a extractos da sentenza. A tradución é propia, partindo do orixinal en lingua castelá.

Tamén recolle o Tribunal a idea de que xs menores son axentes de dereito autónomxs e que poden solicitar o cambio de sexo rexistral (e consecuente cambio de nome) por si mesmxxs, participando xs titulares da patria potestade só complementando as eventuais eivas de capacidade.

Agora ben, ningún destes argumentos é unha creación nova do Supremo en 2019. A meirande parte deles proceden de sentenzas anteriores do propio Supremo, e atopábanse compilados no Auto de 2016, por exemplo. Outros estaban xa amplamente fixados nas sentenzas do Tribunal Europeo de Dereitos Humanos (como nas sentenzas Y.Y contra Turquía, de 2015 ou A.P. Garçon e Nicot contra Francia, de 2017).

Con isto, no noso parecer, non se trata dunha sentenza revolucionaria que vaia supor unha nova forma de entender o noso Ordenamento Xurídico.

### **3.- Esta sentenza ten puntos escuros, que poden ser mesmo moi escuros**

A sentenza do Supremo, do mesmo xeito que facía a do Constitucional recollen como mensaxe nuclear esta: xs menores poden solicitar cambio de sexo rexistral, co cambio de nome correspondente; pero poderán facelo só se acreditan madurez abonda e unha situación estábel de transexualidade. É dicir, entran como posíbeis solicitantes do procedemento da Lei 3/2007, pero con dous requisitos extra: probar que son madurxs, e probar que a súa transexualidade é estábel.

Os Tribunais cambian a prohibición: o texto orixinal prohibía solicitude a todxs xs menores e agora prohíbe a solicitude por menores non madurxs ou que non poidan probar unha “situación estábel de transexualidade”. Non todxs xs menores poden ser solicitantes, pois.

Enfoquémolo dende outra óptica, e teremos que concluír que o que se ten instaurado tras estas sentenzas é unha nova tutelaxe, un novo exame a superar: o xudicial. Neste, xs menores deberán probar estas dúas novas condicións, e non de calquera forma pois como recolle esta sentenza do Supremo “non son abonda para apreciar tal madurez, nin a persistencia dunha situación estábel de transexualidade, as manifestacións que sobre este particular teñan realizado seus pais, representantes legais en diversos escritos (...)”.

E como se probará daquela a concorrencia destas dúas novas esixencias? Pois a través dunha audiencia dx menor ante o/a Xuíz/a encargado da Primeira Instancia (ou do Rexistro Civil, entendemos). É precisamente este o motivo polo que o Supremo non pon fin ao asunto, e opta por remitilo de novo a unha instancia inferior; onde se haberá de practicar esta audiencia.

Probar que son capaces, madurxs e “estábeis”, cun valor moi limitado para o que as persoas que mellor xs coñecen poidan afirmar... este desenvolvemento xurídico pode volverse extraordinariamente gravoso para xs nosxs menores (e xa está empezando a selo). Imaxínade o que pode supor.

E por que o Tribunal se aferra a estes dous conceptos? Pois temos que lamentar que a razón é a adhesión que se realiza á teoría da reversión: os dous órganos consideran que os cambios de opinión en menores son un feito e que o Ordenamento debe “protexelos” destes “vaivéns”. Sirva como exemplo esta cita da sentenza do Constitucional:

- “A restrición legal que enxuizamos [refírese á exclusión de menores do ámbito da Lei 3/2007], porén, non só da lugar a inconvintes para certos principios e dereitos constitucionais. Implica, por outro lado, determinados beneficios importantes para outros bens xurídicos tamén de relevancia constitucional, xa que mediante esta restrición legal o lexislador despreza a protección especial dos menores de idade que lle incumbe en virtude do mandato derivado do art. 39 CE. Estes beneficios, cuxa relevancia este Tribunal non desbota, relativízanse paulatinamente segundo se avanza cara maior idade (...) como argumenta o auto de plantexamento, o risco de remisión das manifestacións de transexualidade mingua cando a persoa se aproxima á idade adulta”

#### **4.- Logo é unha sentenza totalmente negativa?**

Non o é.

Recordade o que dicíamos no punto 2. Esta sentenza ten frases moi poderosas, que serven como excelente argumentación e apoio ao que os colectivos levamos anos e décadas dicindo e

defendendo. Teremos unha liña máis de forza.

Neste senso, o Supremo reafirma o seu compromiso cunha visión de libre determinación de xénero e autonomía, defendendo formalmente o abandono das limitacións aos procedementos de cambio de nome. Como dicíamos co gallo da sentenza de xullo, esta do Supremo é, nalgún dos seus pronunciamentos, un paso adiante na consolidación de principios e ideas xa presentes na nosa xurisprudencia.

### **5.- Supón esta sentenza a fin, na práctica, da patoloxización?**

Non. De ningunha maneira.

A despatoloxización chegará, e neste intre ficamos nun momento histórico no que veremos pronto esta despatoloxización. Porén, no noso parecer, a influencia que esta sentenza terá nese feito certo é moi limitada.

A despatoloxización chegará, si, pero chegará pola acción política dos colectivos LGBTIQ+ galegos, estatais, europeos e globais. Chegará pola loita de activistas comprometidxs coa defensa de dereitos. Chegará pola visibilización e o traballo institucional realizados por asociacións e plataformas.

Máis alá de sentenzas e resolucións xudiciais, con efectividades limitadas, cómpre unha mudanza legislativa, que poña fin dunha vez por todas á confusión, á exclusión, á tutelaxe e á discriminación.

**Cómpre aprobar unha Lei trans galega, e cómpre loitar por unha Lei trans estatal!**

